


O REINADO DE ISABEL II (1833- 1868)

A CONSTRUÇÃO DO ESTADO
LIBERAL: CRISE, GUERRAS E
EXÉRCITOS.



A CUESTIÓN DINÁSTICA E A RUPTURA CO ANTIGO RÉXIME (1833)

▪ 1. O Final do Absolutismo e a Sucesión (1833)

- **Fernando VII e a Pragmática Sanción (1830):** O rei derroga a **Lei Sálica** para asegurar o trono á súa filla, Isabel II. A Pragmática Sanción non foi un acto xurídico, senón un recoñecemento de facto do fracaso da vía absolutista para garantir a supervivencia da dinastía. .
- **Proclamación:** Isabel II (3 anos) é coroada. A súa nai, **María Cristina de Borbón-Dúas Sicilias**, asume a Rexencia.

▪ 2. O Desafío e a Causa Carlista

- **Carlos María Isidro:** Irmán do rei defunto, non recoñece a Pragmática Sanción e iníciase a loita polo trono (Primeira Guerra Carlista).
- **Alianza Estratéxica:** A necesidade de apoio interno e externo (a Cuádruple Alianza con Reino Unido, Francia e Portugal) forzou o absolutismo a buscar unha converxencia coa facción liberal (tanto moderados como progresistas), abrindo as portas á revolución política. .
- **Resultado:** Isto crea un problema que non era só sucesorio, senón a **confrontación** final entre o **Antigo Réxime** (Carlistas) e o **Novo Réxime** (Isabelinos/Liberais).

OS BANDOS E A I GUERRA CARLISTA (1833-1840)

Bando Isabelino (Cristiño)

Ideoloxía: Liberalismo (Reforma e Constitución).

Bases Sociais: Burguesía urbana, alta nobreza, exército, sectores ilustrados.

Defensa: Estado centralizado e a propiedade privada.

Zonas: Grandes cidades e periferia.

Bando Carlista (Apostólico)

Ideoloxía: Tradicionalismo Católico e Absolutismo.

Lema: "Deus, Patria, Rei e Foros".

Defensa: Mantemento dos **Foros** (leis e institucións rexionais propias) e privilexios do Antigo Réxime.

Zonas: Norte (País Vasco, Navarra), Cataluña, Maestrazgo.


Ilustra de forma esquemática as diferenzas ideolóxicas, sociais e xeográficas dos dous bandos

OS BANDOS E A I GUERRA CARLISTA (1833-1840)

2. Desenvolvemento Militar e o Final da Guerra

- **Carlismo:** O Carlismo non foi un movemento puramente reaccionario, senón un conxunto complexo de oposicións rurais e forais á nova orde liberal centralizadora.
- **Etapas Cruciais:** Inicialmente dominada por Zumalacárregui (carlista) ata a súa morte (1835). Posteriormente, a Expedición Real (1837) carlista fracasa ante Madrid.
- **O Xeneral Espartero:** Emerxe como a figura militar clave do bando isabelino, gañando un enorme prestixio político.
- **O Abrazo de Vergara (1839):** Convenio entre os **xenerais Maroto** (carlista transaccionista) e **Espartero**. Trala firma os oficiais Carlistas son reintegrados no exército Isabelino.
- A resolución da guerra en Vergara o primeiro gran Convenio da historia contemporánea española, normalizando a intervención militar na política e elevando os espadóns (xenerais con prestixio político) a árbitros do sistema, un trazo que persistirá durante todo o reinado.

Mostra as zonas de control territorial
(Norte/Maestrazgo Carlistas & urbes
liberais)



Fonte: Mapa 1ª Guerra Carlista.

O INICIO DO LIBERALISMO: ESTATUTO REAL E MOTÍN (1834-1836)

1. O Estatuto Real (1834)

- **Natureza Xurídica:** Carta Outorgada. Non emana da Soberanía Nacional, senón da concesión da Coroa.
- **Obxectivo:** Satisfacer os liberais máis moderados, permitindo unha transición controlada sen romper coa tradición.
- **Estrutura:** Cortes bicamerais:
 - **Estamento de Próceres:** Membros designados polo Rei (alta nobreza e clero).
 - **Estamento de Procuradores:** Elixidos por un sufraxio censitario ultrarrestinxido (propiedade e renda).
- **Función:** As Cortes posuían un carácter meramente **consultivo** e subordinado ao poder da Coroa.
- O Estatuto de 1834 representou un pacto de transición entre a Coroa e a elite liberal, pero non foi un texto constitucional no sentido moderno, pois o poder lexislativo mantiña unha posición subordinada e non se recoñecían formalmente os dereitos individuais. A loita política centrase, precisamente, en superar esta concepción de Carta Outorgada e establecer un sistema baseado na Soberanía Nacional (teses progresista)

Fonte: Fragmento do Estatuto Real (1834)

"Artigo 1.- De acordo co que dispón a Lei 5ª, Título 15, Parte 2ª, e as Leis 1ª e 2ª, Título 7º, Libro 6 da Nova Recopilación, Súa Maxestade a Raíña Gobernadora, en nome da súa excelsa filla Dona Isabel II, resolveu convocar as Cortes Xerais do Reino.

Artigo 2.- As Cortes Xerais compoñeranse dos estamentos: o de **Prínceres do Reino** e o de **Procuradores do Reino**... O estamento de Prínceres é esencialmente conservador e os seus membros son vitalicios... O estamento de Procuradores é esencialmente progresista e representa os contribuíntes, mediante **elección censitaria**..."

Analiza o carácter de Carta Outorgada e a composición bicameral (Prínceres e Procuradores)



O INICIO DO LIBERALISMO: ESTATUTO REAL E MOTÍN (1834–1836)

2. O Dualismo Político (Moderados vs. Progresistas)

- **Partido Moderado:** (Martínez de la Rosa, Narváez). Soberanía compartida (Rei e Cortes), sufraxio censitario restrinxido, centralismo e orde por riba das liberdades.
- **Partido Progresista:** (Mendizábal, Espartero, Prim). Soberanía Nacional, sufraxio censitario máis amplo, ampliación de dereitos, poder local (elección popular de alcaldes).



A REVOLUCIÓN ECONÓMICA: A DESAMORTIZACIÓN (1836)

1. Aceleración da Revolución

- **Motín da Granxa (agosto de 1836):** Levantamento militar que forza á Rexente a nomear un goberno progresista (Mendizábal) e restablecer a vixencia da Constitución de 1812 como punto de partida.

2. A Desamortización Eclesiástica de Mendizábal (1836)

- **Finalidade:**
 - **Militar:** Financiar a guerra carlista.
 - **Económica:** Converter bens improdutivos en propiedade privada e saneamento da Facenda.
- **Mecanismo:** Incautación e venda en poxa pública dos bens do **Clero Regular** (conventos e mosteiros).
- **Impacto:** Ruptura definitiva coa Igrexa e consolidación dunha nova clase de propietarios (burguesía), que se converteu na base social do liberalismo. **Non resolveu o problema da débeda pública a longo prazo.**

A REVOLUCIÓN ECONÓMICA: A DESAMORTIZACIÓN (1836)

3. A Constitución de 1837

- **Consenso:** Texto de compromiso entre progresistas e moderados para dotar ao Estado dunha norma estable.
- **Principios:**
 - Recoñecemento da **Soberanía Nacional** (vitoria progresista, aínda que tácita).
 - Ampla **Declaración de Dereitos** individuais.
 - **Bicameralismo** funcional (Congreso e Senado electivo ou de designación).
 - O Rei posúe amplos poderes (moderado: veto e disolución).

A Constitución de 1837 é o mellor exemplo de negociación entre faccións liberais. Aínda uqe se basea na soberanía nacional (progresista), introduce mecanismos de contrapeso para a Coroa e o Senado (moderado), converténdoa nun texto flexible (non ríxido) que podía ser gobernado por calquera dos dous partidos mediante a manipulación do sufraxio e a lei electoral.

Fonte: Real Decreto de Abdicación de M^a Cristina (1840)

"Considerando a difícil situación política e social pola que atravesamos o Reino, e coa **intención de evitar maiores conflitos**, a Raíña Gobernadora **María Cristina de Borbón-Dúas Sicilias** presenta formalmente a **súa renuncia ao cargo da Rexencia**, en nome da súa filla e Raíña Isabel II, **retirándose definitivamente da vida política activa e exiliándose en Francia**. Encoméndase ao **Xeneral Espartero a defensa e presidencia do goberno para restablecer a orde no Reino...**"

Xustifica o final da rexencia de M^a Cristina e o ascenso de Espartero como rexente único.



A REXENCIA DE ESPARTERO (1840-1843): AUTORITARISMO E COLAPSO.

1. A Crise de 1840 e o Ascenso de Espartero

- **Lei de Concellos (1840):** Os moderados tentan aprobar esta lei centralizadora, provocando a revolta progresista e a abdicación da Rexente María Cristina.
- **Rexente Único:** Espartero, o xeneral progresista e heroe da guerra, asume a rexencia. A rexencia de Espartero non só ilustra a tendencia ó goberno forte e personalista, senon que consolida a irrupción do exército como actor político decisivo na toma de poder (o pronunciamento como mecanismo de cambio).



A REXENCIA DE ESPARTERO (1840-1843): AUTORITARISMO E COLAPSO.

2. Goberno Personalista e Militar

- **O Fenómeno do Militarismo ("Espadóns"):** Espartero goberna de forma *cesarista*, baseando o seu poder no seu prestixio militar. Ignora as Cortes e o Consello de Ministros.
- **Dificultade:** A súa actitude autoritaria xera oposición tanto nos moderados como nos seus propios progresistas.



A REXENCIA DE ESPARTERO (1840-1843): AUTORITARISMO E COLAPSO.

3. O Bombardeo de Barcelona (1842)

- **Causa:** Sublevación popular e obreira en Barcelona contra a súa política librecambista (que supuña competencia para o téxtil catalán).
- **Consecuencia:** A dura represión (bombardeo da cidade) provocou unha fractura irreconciliable entre Espartero e o tecido popular catalán, precipitando a súa caída. O bombardeo de Barcelona, ademais, supón o primeiro choque frontal do Estado liberal co movemento obreiro incipiente e coa cuestión proteccionista catalá.

Fonte: Bando de Espartero (1842) e Manifesto xustificativo dos Xenerais Opositores

"Esta provincia ve moi próximo o fin dos ásperos males que deplora, posto que só falta para completar os seus desexos o pronto **exterminio dos audaces restos das hordas vandálicas** que nos últimos instantes da súa agonía e no medio da súa furiosa desaparición, aínda levan por algunhas das nosas comarcas o roubo, a desolación e a morte, sumindo no pranto a un crecido número de familias que por fortuna puideran librarse dos extremos horrores da guerra civil... **Unión entre todos os liberais. Abaixo Espartero e o seu Goberno. En caso de Rexencia, máis dun. En caso de enlace da Raíña Isabel, con español. Xustiza e protección á industria nacional.**"

"Ante a **grave crise que atravesaba o Reino**, anunciábase a **suspensión da Rexencia de Espartero e a asunción do mando por parte de un novo goberno** encabezado polos xenerais Narváez, Serrano e Prim. Estes proclaman a necesidade de garantir a **estabilidade, o orden e a protección das liberdades moderadas** fronte ao **autoritarismo crecente da Rexencia**. Defenden a **maioría de idade anticipada da Raíña Isabel II** como solución política e apelan á **unidade nacional e á reconciliación** entre as forzas políticas, rexeitando os extremismos que levaron á confrontación e á guerra civil."

Ilustra o autoritarismo militar de Espartero e o rexeitamento á súa política económica ("Xustiza e protección á industria nacional")



A DÉCADA MODERADA (1844-1854): A CONSTITUCIÓN DE 1845

1. Inicio do Reinado Efectivo e Liderado Moderado

- **Maioría de Idade:** Isabel II é declarada maior de idade aos 13 anos.
- **Predominio:** O xeneral **Ramón María Narváez** (Moderado) domina o panorama político.
- **Obxectivo:** Retomar o control da revolución liberal, centralizar o poder e garantir a orde.

A DÉCADA MODERADA (1844-1854): A CONSTITUCIÓN DE 1845

2. A Constitución Moderada de 1845

- **Natureza:** Baseada no texto de 1837, pero cun claro xiro conservador.
- **Principios Chave:**
 - **Soberanía compartida:** Entre a Coroa e as Cortes (fronte á Soberanía Nacional progresista).
 - **Reforzo da Coroa:** A Raíña obtén amplos poderes (disolución de Cortes, nomeamento de ministros, designación do Senado).
 - **Sufraxio:** Mantemento dun sufraxio censitario moi restritivo (vota a oligarquía).
 - **Relixión:** Catolicismo como relixión oficial do Estado (non se contempla a liberdade de cultos)
- **Significado:** Consolidación dun **Estado Liberal Oligárquico** (gobierno da minoría) e fin da flexibilidade constitucional do 37.



Fonte: Fragmentos Constitucións de 1845

"Dona Isabel II, pola graza de Deus e da Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas... viñemos, en unión e acordo coas Cortes actualmente reunidas, en decretar e sancionar a seguinte CONSTITUCIÓN DA MONARQUÍA ESPAÑOLA...

Artigo 2: Todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen censura previa, suxeitos ás leis...

Artigo 11: Non se poderá impor a pena de morte por delitos meramente políticos...

Artigo 15: A Nación protexerá a propiedade privada, permitindo só a súa expropiación por causa xustificada e previa indemnización."

Explica o principio de Soberanía Compartida entre a Raíña e as Cortes, e a limitación de dereitos.



A DÉCADA MODERADA: OS PIARES DO CENTRALISMO

1. Lexislación Fundamental

- **Lei de Administración Local:** Os alcaldes das capitais de provincia e as grandes cidades son nomeados pola Coroa ou o Goberno (Centralismo Administrativo).
- **Reforma Fiscal (Alejandro Mon, 1845):** Unificación dos impostos nun sistema moderno baseado nos impostos directos e indirectos (os de Consumos, moi impopulares).

Fontes: Comentario sobre a Reforma Fiscal de Mon (1845)

"Idea esencial da Lei de Contribución de Inmobles, Cultivo e Gandería: Establécese un único imposto directo sobre a riqueza rústica e urbana, substituíndo a multitude de impostos territoriais do Antigo Réxime e dos primeiros anos do liberalismo. Idea esencial da Lei de Contribución Industrial e de Comercio: Créase un imposto directo sobre os beneficios das actividades industriais, mercantís, profesionais e financeiras, cunha parte fixa (patente) e outra proporcional aos beneficios. Idea esencial da Contribución de Consumos: Créase un imposto indirecto xeral sobre o consumo de bens de primeira necesidade (como carne, sal, viño, aceite), xestionado polos concellos. Artigo fundamental (Idea de racionalización): Todas as contribucións anteriores e arbitrarias son substituídas por estas novas figuras impositivas, buscando a equidade, a regularidade e a simplicidade do sistema."

Detalla o carácter regresivo e inxusto do imposto de Consumos, que provocou descontos social.

A DÉCADA MODERADA: OS PIARES DO CENTRALISMO

2. A Orde Pública

- **Creación da Garda Civil (1844):** Corpo militarizado e centralizado coa misión de manter a seguridade e a orde, especialmente nas zonas rurais (protexer a propiedade).

▪ 3. A Paz coa Igrexa

▪ **Concordato coa Santa Sé (1851):**

- **Compromiso do Estado:** Asume o sostemento económico do clero.
- **Recoñecemento da Igrexa:** A Igrexa recoñece a Isabel II e as desamortizacións xa realizadas, obtendo a cambio o **control da educación e a moral pública** (nacionalcatolicismo de facto).

- A Década Moderada establece os alicerces institucionais, administrativos e xurídicos do Estado contemporáneo español, caracterizado polo **centralismo uniformizador** herdado do modelo napoleónico. A creación da Garda Civil, a organización provincial e a fixación dun sistema fiscal nacional son claves para a construción dese Estado, aínda que a súa base social fose extremadamente restrinxida.

Fonte: Testemuño sobre a Guerra dos Matiners (1847)

- Demostra que a inestabilidade e o carlismo persistion máis aló da Primeira Guerra (II Guerra Carlista).

"Nas nosas terras, o medo e a esperanza mestúranse. Os carlistas chegan como protectores das nosas costumes e á vez como ameaza. Moitos campesiños únense ás guerrillas porque lles prometen respecto polos seus usos e unha vida menos opresiva que a que sufrimos cos impostos e a autoridade liberal. As batallas lévanse a cabo nas montañas, entre camiños estreitos e pobos pequenos, e aínda que a cifra de mortos aumenta, a fe na causa carlista non decae totalmente."



O BIENIO PROGRESISTA (1854-1856): REFORMAS E INESTABILIDADE

1. O Levantamento e a Unión Liberal

- **A Vicalvarada (1854):** Pronunciamento de O'Donnell contra o goberno de Sartorius (moderado autoritario).
- **Manifesto do Manzanares:** Compromiso progresista que transforma a sublevación nunha revolución popular (incorporación de contido político, fin do réxime oligárquico)
- **Goberno:** O'Donnell (Unión Liberal) e Espartero (Progresista).

Fonte: Manifesto do Manzanares.

- "Espanoles: a entusiasta acollida que está a atopar nos pobos o exército liberal; o esforzo dos soldados que o compoñen, tan heroicamente amosado nos campos de Vicálvaro; o aplauso co que en todas partes foi recibida a noticia do noso patriótico alzamento, aseguran desde agora o triunfo da liberdade e das leis que temos xuradas defender: (...)
- Día é, pois, para dicir o que estamos dispostos a facer no día da vitoria. Nós queremos a conservación do Trono, pero **sen a camarilla que o deshonra**; queremos a **práctica rigorosa das leis electorais mellorándoas**, sobre todo, a **electoral e a de imprenta**; queremos a **rebaixa dos impostos**, fundada nunha estrita economía; queremos que se respecten nos empregos militares e civís a antigüidade e o mérito; queremos **desarraigar os pobos da centralización que os devora**, dándolles a **independencia local** necesaria para que conserven e aumenten os seus propios intereses; e como garantía de todo isto queremos e presentaremos, baixo sólidas bases, a **Milicia Nacional**.
- (...) As Xuntas de goberno que deben irse constituíndo nas provincias libres; as Cortes xerais que logo se reúnan; a propia Nación, en fin, fixará as bases definitivas da rexeneración liberal á que aspiramos. Nós temos consagr
- Documento clave para transformar o pronunciamento militar (Vicalvarada) en revolución popular e programa progresista.



O BIENIO PROGRESISTA (1854-1856): REFORMAS E INESTABILIDADE

2. A Desamortización Xeral de Madoz (1855)

- **Carácter Xeral:** Afecta a todos os bens do Estado, da Igrexa non desamortizados e, fundamentalmente, aos **Bens de Propios e Comúns dos concellos** (bens municipais).
- **Impacto Social:** Aínda que buscou o progreso económico e o financiamento do ferrocarril, prexudicou gravemente aos campesiños máis pobres que vivían do uso destas terras comunais, aumentando a proletarización rural e a tensión social.
- A Desamortización de Madoz foi máis profunda que a de Mendizábal ó afectar as propiedades municipais. Isto supuxo un avance decisivo no desmantelamento das estruturas económicas do Antigo Réxime e a consolidación da propiedade privada capitalista, pero un **alto custo social** para as clases campesiñas sen terras.



O BIENIO PROGRESISTA (1854-1856): REFORMAS E INESTABILIDADE

3. Impulso Económico

- **Lei Xeral de Ferrocarrís (1855):** Planifica a rede (estrutura radial con centro en Madrid) e fomenta o investimento estranxeiro e nacional (clave para a Revolución Industrial Española)
- **Constitución "Non Nata" (1856):** Un proxecto progresista (cunha maior énfase na Soberanía Nacional e nos dereitos individuais) que non chegou a promulgarse pola caída do goberno.

Fonte: Artigo 1º Constitución "Non nata" de 1856

"Artigo 1. **Todos os poderes públicos emanan da Nación**, na que **reside esencialmente a soberanía**, e polo mesmo pertence exclusivamente á Nación o dereito de establecer as súas leis fundamentais." (*Texto da Constitución non promulgada de 1856, TÍTULO PRIMEIRO, Art. 1º*)

Demuestra o retorno ó principio de Soberanía Nacional, fundamental no ideario progresista.



A CRISE DO BIENIO E O PERÍODO FINAL (1856-1868)

1. A Caída do Bienio

- **Tensión Social:** Conflitos e folgas obreiras duramente reprimidas (especialmente en Cataluña).
- **Rivalidade:** A pugna entre Espartero e O'Donnell provoca a dimisión de Espartero e o **golpe de estado** de O'Donnell (1856), que restaura o goberno moderado.



A CRISE DO BIENIO E O PERÍODO FINAL (1856-1868)

2. O Governo da Unión Liberal (O'Donnell)

- **Unión Liberal:** Partido de centro que buscaba a estabilidade e a alternancia sen pronunciamentos. Agrupaba a moderados "*brandos*" e progresistas "*conservadores*".
- **Política Exterior de Prestixio:**
 - **Guerra de África (1859-1860):** Vitoria militar (Prim e O'Donnell) que busca unificar o país con éxito externo (nacionalismo).
 - Expedicións a Indochina e México (retomar un papel de potencia media).

Fonte: Crónica da Guerra de África (Batalla dos Castillejos)

"Cerca xa dos Castillejos atopei cinco mouros feridos, escoltados por gardas civís, que os defendían da cólera dalgúns soldados rancorosos... Ao mesmo tempo estalaba sobre eles unha tempestade de tiros. Por ambos lados, por detrás, por arriba, por todas partes, lles facían lume! Detrás de cada árbore e pedra relucía un fusil ou se vía unha nube de fume, e berros salvaxes acompañaban os disparos, coma dicíndolles aos nosos compatriotas: '¡Os burlamos! ¡Estades perdidos!'...

Sairon con dificultade dos foxos, axudándose e protexéndose mutuamente; mentres uns escoltaban os feridos e levaban os cadáveres nos cabalos, outros **cargaban furiosamente contra os moros**, revolvéndose entre eles, sementando a morte onde chegaban os seus aceiros e **abríndose paso ata as terras de Castillejos**. Algúns destes **douscentos leóns preferiron morrer a retirarse** sen antes profanar o campamento inimigo, **loitando a pistola e coitelo, apoderándose dunha bandeira** e saíndo ao val, mermados pero non vencidos, con palma do martirio nunha man e a da vitoria na outra..."

Ilustra a Política exterior de prestixio da Unión Liberal e o seu uso do nacionalismo como factor unificador.



A CRISE DO BIENIO E O PERÍODO FINAL (1856-1868)

3. A Lei Moyano (1857)

- **Obxectivo:** Regular o sistema educativo e establecer a súa **centralización** e **uniformidade** en todo o territorio.
- **Estrutura:** Educación dividida en tres niveis (primaria, secundaria e universitaria).



A CRISE ECONÓMICA E SOCIAL (1866)

1. A Triple Crise (1866)

- **Crise Financeira:** O colapso das accións ferroviarias e bancarias (a rede construída non era rendible) xera pánico financeiro e a quebra de entidades.
- **Crise Industrial:** A Guerra de Secesión de EEUU provoca o "fame de algodón" e paraliza a industria téxtil catalá (aumentando o desemprego)
- **Crise de Subsistencias:** Malas colleitas provocan a carestía dos alimentos básicos e o aumento da fame (base do descontento popular).



A CRISE ECONÓMICA E SOCIAL (1866)

2. O Endurecemento Político

- **Volta ao Autoritarismo:** Narváez e a Raíña gobernan de forma ditatorial, sen convocar Cortes e reprimindo a oposición (peche do sistema).
- **A Noite de San Daniel (1865):** Represión sanguenta contra estudantes que protestaban pola expulsión de profesores (e.g., Castelar) que criticaban á raíña.

3. A Conspiración

- **Levantamento do Cuartel de San Gil (1866):** Novo intento de golpe de estado progresista. A represión é brutal (66 fusilados).
- **Efecto:** Progresistas, Demócratas e Unionistas entenden que a única saída é o derrocamento da raíña.

Fonte: Debate sobre o Caso Sartorius

"Señora: [...] As súas señorías da oposición, co xeneral O'Donnell á fronte, presentaron ás Cortes máis de **corenta e catro capítulos de cargos** contra as accións políticas do executivo que vostede preside, Sr. Sartorius. Estes cargos inclúen numerosos **negocios sospeitosos** e a realización de **gastos considerables** ao marxe dos **orzamentos oficiais** e da **fiscalización parlamentaria**. A acusación central refírese á **modificación arbitraria da Lei Xeral de Ferrocarrís** de 1851 co obxectivo de **legalizar as concesións xa feitas** ata a data sen o debido proceso legal, propiciando o **enriquecemento ilícito** dos seus próximos. O **silenciamento deste asunto** por parte do Goberno, negándose a debater as acusacións na Cámara, só propiciou un **desgaste considerable** e unha grave perda de credibilidade ante a opinión pública e o resto de partidos. É por iso que o **foco da política nacional** céntrase hoxe no debate sobre as **irregulares concesións ferroviarias**." *(Fragmento adaptado do debate no Senado e no Congreso de Deputados, decembro de 1853 – febreiro de 1854)*

Serve para explicar a deslexitimación do réxime (corrupción, escándalos ferroviarios) que leva ó Pacto



O PACTO DE OSTENDE E A REVOLUCIÓN GLORIOSA (1866-1868)

1. O Pacto Revolucionario (1866)

- **Acordo:** Asinado en **Ostende** (Bélxica) o Pacto logrou unir forzas políticas máis dispares (dende o centro Unionista –Prim– ata a esquerda Demócrata) nun obxectivo común.
- **Obxectivo Único:** Destronar a Isabel II e expulsar o réxime moderado, abrindo un proceso constituínte de carácter democrático (Sufraxio Universal).
- **Compromiso:** Convocatoria de **Cortes Constituíntes por Sufraxio Universal Masculino** para que o pobo decidise a forma definitiva de goberno (Monarquía Constitucional ou República).
- **Adhesión Unionista (1867):** Tras a morte de O'Donnell, a Unión Liberal (Serrano) únese ao Pacto, dándolle a Gloriosa o apoio naval e militar esencial.



O PACTO DE OSTENDE E A REVOLUCIÓN GLORIOSA (1866-1868)

2. O Estalido Revolucionario (Setembro de 1868)

- **Protagonistas:** Almirante **Topete** (Unionista), Xeneral **Prim** (Progresista) e Xeneral **Serrano** (Unionista).
- **Lugar:** Cádiz (onde se proclama o manifesto "España con honra")
- **Desenlace Militar:** O exército leal é derrotado na **Batalla da Ponte de Alcolea**.
- **Exilio:** Isabel II e a familia real abandonan España e exílianse en Francia.
- A Revolución de 1868 (A Gloriosa) non foi só un pronunciamento militar (comezou como tal), senón unha revolución mixta civil-militar. O

Fonte: Manifesto "España con honra" (Cádiz, 1868)

"A cidade de Cádiz posta en armas, con toda a súa provincia, coa Armada ancorada no seu porto, e todo o departamento marítimo da Carraca, declara solemnemente que **nega a súa obediencia ao goberno de Madrid**, segura de que é leal intérprete de todos os cidadáns que no dilatado exercicio da paciencia non teñan perdido o sentimento da dignidade, e resolta a non depor as armas ata que a **Nación recobre a súa soberanía, manifieste a súa vontade e se cumpra**.

Hollada a lei fundamental, convertida sempre antes en celada que en defensa do cidadán; **corrompido o sufraxio** pola ameaza e o suborno, dependente a seguridade individual non do dereito propio, senón da irresponsable vontade de calquera das autoridades; **morto o municipio**; pasto a Administración e a Facenda da **inmoralidade e do axio**; tiranizado o ensino; **muda a prensa** e só interrompido o universal silencio polas frecuentes noticias das novas fortunas improvisadas, do novo negocio, da nova real orde encamiñada a **defraudar o Tesouro público...**"

O documento fundacional que enumera as causas da Revolución (corrupción, sufraxio corrompido) e esixe Soberanía e Sufraxio Universal.

Fonte: Crónica da Batalla da Ponte de Alcolea

"O exército revolucionario, ben comandado por Prim e Serrano, conseguiu **romper as liñas leais a Isabel II na estratéxica batalla da Ponte de Alcolea**, aperturando o camiño para a caída definitiva da monarquía. A **valentía das súas tropas e a superioridade táctica** determinaron que o exército realista fose derrotado decisivamente, provocando a **fuxida da raíña cara a Francia** e a posterior formación do **Goberno Provisional en Madrid**."

Ilustra o desenlace militar que sela a derrota do exército leal á raíña e as súa posterior fuxida.



CONCLUSIÓN E LEGADO DO REINADO (1833-1868)

1. A Crise do Modelo Liberal

- **Estabilidade Ausente:** O goberno de España estivo marcado pola constante intervención do exército (o sistema de "**espadóns**" e pronunciamentos).
- **Dualismo Infrutuoso:** A incapacidade de moderados e progresistas para alternarse pacificamente (cambio de goberno só por golpe de estado).
- **Oligarquía:** O sufraxio censitario e a centralización consolidaron o poder nas mans dunha minoría (oligarquía), deixando fóra ás clases populares.



CONCLUSIÓN E LEGADO DO REINADO (1833-1868)

2. Transformacións Estruturais

- **Economía:** A desamortización e as leis ferroviarias transformaron a propiedade da terra e impulsaron o capitalismo, conectando o centro coa periferia produtiva.
- **Sociedade:** O modelo de propiedade agraria non fixo máis que agravar o problema do campesiñado, aumentando a tensión social e as diferenzas rexionais.



CONCLUSIÓNS E LEGADO DO REINADO (1833-1868)

3. O Legado: O Sexenio Democrático

- A Revolución de 1868 (A Gloriosa) abre unha etapa de **democratización** sen precedentes.
- **Obxectivo do Sexenio (1868-1874):** Intentar aplicar os principios do Sufraxio Universal, a Soberanía Nacional e a separación definitiva entre a Igrexa e o Estado (laicismo).
- **O desafío:** O Sexenio enfrontarase á difícil tarefa de institucionalizar a democracia nun contexto de crise económica e conflito social e rexional (Cuba, Carlistas e Movemento obreiro).

O reinado de Isabel II é visto historiograficamente como un período de revolución incompleta. Mentres que as estruturas xurídicas e económicas do Antigo Réxime foron derrubadas (desamortización, centralización), o réxime político non logrou estabilidade nin representatividade, permanecendo estancado nun liberalismo censitario e militarizado, que requiriu dunha nova revolución democrática para avanzar.